



REGULAMENTO DE MÉDICOS DO MUNDO-GALICIA

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Denominación.

Médicos do Mundo- Galicia é a denominación da Asociación Médicos do Mundo no ámbito xeográfico de Galicia.

Artigo 2.- Ámbito territorial

O ámbito competencial e de intervención social de Médicos do Mundo - Galicia será o territorio propio da nacionalidade histórica galega, exceptuando, lóxicamente, o caso dos proxectos de intervención humanitaria e/ou de cooperación internacional ao desenvolvemento.

Artigo 3.- Fins e competencias.

Os fins fundamentais da sede autonómica de Médicos do Mundo - Galicia son os establecidos nos Estatutos de Médicos do Mundo para a asociación. En concreto, e no ámbito da nacionalidade histórica, os seus fins son:

- Actuar no ámbito da saúde coas poboacións en situacións de pobreza e exclusión social, así como en situacións de crises humanitarias ou emerxencias sociais.
- Atender a toda persoa en situación de sufrimento físico ou moral por violación dos seus dereitos humanos.
- Promocionar e defender unha igualdade real de xénero e loitar contra as vulneracións que se sustentan no patriarcado.

- Realizar accións de sensibilización como medio para o cambio social así como para superar a desigualdade e a inxustiza.
- Denunciar as causas que as ocasionan e contribuír a implantar unha cultura de solidariedade, xustiza e paz.

De acordo cos Estatutos de Médicos do Mundo España, as competencias das sedes autonómicas, no seu ámbito territorial, son:

- a) O afianzamento da presenza social da asociación, así como a xestión e desenvolvemento da base asociativa.
- b) A captación, xestión e desenvolvemento do voluntariado.
- c) A intervención directa, no seu ámbito territorial, mediante programas de Inclusión Social.
- d) A mobilización, sensibilización e denuncia social en materias relacionadas coa finalidade e obxectivos da asociación.
- e) A xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento financiados na propia nacionalidade histórica, así como a daqueles que lle sexa encomendada pola organización.
- f) Todas aquelas que poidan ser delegadas pola xunta directiva de Médicos do Mundo-España.

Artigo 4.- Actividades

Para o cumprimento dos seus fins, a sede autonómica realizará as seguintes actividades:

- Contribuirá a mellorar a saúde e a inserción social cos colectivos excluídos da nosa contorna social, ben mediante o desenvolvemento de proxectos propios, ben en coordinación coa sede central ou outras sedes autonómicas.
- Realizará actividades de sensibilización social mediante a educación en valores para o desenvolvemento, a promoción dos dereitos humanos, a inclusión, a superación das desigualdades e para a implantación dunha cultura de paz.
- Denunciará as situacións de inxustiza, as causas que as ocasionan así como as

violacións de dereitos humanos das que teña constancia.

- Contribuirá a mellorar a saúde das poboacións nas rexións en desenvolvemento, colaborando mediante proxectos propios ou en coordinación coa sede central ou outras sedes autonómicas, na implantación dun desenvolvemento sanitario integral, considerado como o establecemento dunhas condicións de vida dignas.
- Colaborará coa sede central e calquera outras sedes autonómicas na organización de axuda humanitaria de urxencia dirixida ás poboacións afectadas pola guerra, as catástrofes naturais, a fame ou as epidemias.
- Promoverá a corresponsabilidade entre homes e mulleres por un desenvolvemento social equitativo e denunciará as discriminacións por razón de xénero das que teña constancia.
- Promoverá modelos de comportamento activo a favor da xustiza e o activismo social.
- Promoverá a colaboración con organizacións que coincidan coas súas mesmos fins e valores de cambio social.
- Calquera outras que poidan ser delegadas pola Xunta directiva.

Artigo 5.- Domicilio

Médicos do Mundo - Galicia establece o seu domicilio social na rúa Eduardo Pondal, nº 2, baixo, en Santiago de Compostela.

TÍTULO II COMPOSICIÓN E ÓRGANOS DA SEDE AUTONÓMICA

Artigo 6.- Composición da sede autonómica

As persoas territorial ou funcionalmente vinculadas a Médicos do Mundo-Galicia teñen as seguintes categorías:

- Asociadas, cos dereitos e obrigacións que se establecen nos Artigos 8 e 9 dos Estatutos de Médicos do Mundo.

- Voluntarias, que gozarán do amparo da organización en todo o que concerne ás funcións e tarefas relacionadas co desempeño da súa actividade no marco dun proxecto de Médicos do Mundo. Poderán participar en todas as actividades de Médicos do Mundo - Galicia, salvo naquelas que esixen a condición de persoa asociada de acordo ao establecido nos Estatutos de Médicos do Mundo.

- Asalariadas, directamente vinculadas a programas desenvolvidos por Médicos do Mundo - Galicia poderán participar en todas as actividades da organización, salvo naquelas que esixen a asociación, de acordo ao establecido nos Estatutos de Médicos do Mundo.

A asociación posibilitará a colaboración con Médicos do Mundo da maior parte de persoas e colectivos sociais que atopen nela un marco e canle propia para a expresión das súas expectativas de participación cidadá sempre que os seus fins, obxectivos e valores poidan ser compartidos por Médicos do Mundo.

Artigo 7.- Órganos de goberno e representación de Médicos do Mundo-Galicia.

Os órganos de goberno e representación de Médicos do Mundo - Galicia son, conforme a Estatutos, a asemblea de Médicos do Mundo - Galicia, a xunta autonómica e a Presidencia autonómica.

CAPÍTULO I ASEMBLEA DE MÉDICOS DO MUNDO -GALICIA

Artigo 8.- Natureza.

A asemblea de Médicos do Mundo - Galicia é o órgano supremo de goberno da sede autonómica e estará integrada por todas as persoas asociadas. Promocionarase igualmente a participación nela, con voz pero sen voto, do resto das persoas relacionadas no Artigo 6.

Artigo 9.- Funcións.

Son funcións da Asemblea de Médicos do Mundo - Galicia:

- a) Adoptar acordos en materias competencia de Médicos do Mundo - Galicia, de conformidade, no seu caso, coas directrices establecidas polos órganos de goberno e representación de Médicos do Mundo.
- b) Elixir as persoas que integrarán a xunta de Médicos do Mundo - Galicia.
- c) Aprobar a xestión da xunta de Médicos do Mundo - Galicia, sen prexuízo das competencias que legalmente corresponden á asemblea xeral estatal.
- d) Aprobación de contas e orzamento, sen prexuízo das competencias que corresponden á xunta directiva estatal.

Artigo 10.- Reunións.

As reunións da asemblea de Médicos do Mundo - Galicia serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano, preferiblemente durante o primeiro semestre.

As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen a xuízo da Presidencia, cando a xunta Médicos do Mundo - Galicia o acorde ou cando o solicite por escrito un número de persoas asociadas non inferior ao 10% das que compoñen a asociación no ámbito autonómico, con expresión concreta dos asuntos que deberán tratarse, que se reflectirán na correspondente orde do día.

Artigo 11.- Convocatorias.

As convocatorias das asembleas de Médicos do Mundo - Galicia tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a

orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos sete días naturais, facendo constar, así mesmo, a data e hora en que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar menos de media hora.

Artigo 12.- Quórum de constitución e quórum de adopción de acordos.

As asembleas de Médicos do Mundo - Galicia, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes ou representadas, polo menos un terzo das persoas asociadas con dereito a voto, e en segunda convocatoria con calquera que sexa o número de asistentes. Presidirá a asemblea a mesma persoa que exerce a Presidencia da sede autonómica, exercendo as funcións de Secretaría quen tamén as exerce na xunta de Médicos do Mundo - Galicia. Formarán a mesa da Presidencia da asemblea quen exercen a Presidencia, a Secretaría e cantas persoas, pertencentes á propia xunta directiva, designe esta.

Os acordos tomaranse por maioría simple de votos das persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto, é dicir, cando os votos afirmativos superen aos negativos. En caso de empate decide o voto de calidade de quen exerce a Presidencia, ou lle substitúe.

As representacións formalizaranse con carácter especial para cada asemblea e sempre a favor doutra persoa asociada, mediante un escrito asinado pola persoa representada, acompañado dunha copia do seu documento nacional de identidade.

Artigo 13.- Acordos da asemblea xeral que requiren maioría cualificada.

Requirirá maioría cualificada de 2/3 de votos das persoas asociadas presentes ou representadas, a adopción dos seguintes acordos:

- ✦ a) Modificación do Regulamento.
- ✦ b) Proposta de disolución da sede autonómica, que en todo caso terá que ser ratificada polo Pleno da Xunta Directiva.
- ✦ c) Proposta de disolución das representacións no ámbito territorial, que terán que

ser ratificados polo Pleno da Xunta Directiva Estatal.

- ✦ d) O alleamento ou calquera acto de disposición de bens patrimoniais pertencentes á sede autonómica, cuxo valor exceda do 10% do último orzamento aprobado.

CAPÍTULO II

XUNTA AUTONÓMICA DE MÉDICOS DO MUNDO -GALICIA

Sección 1.ª. Natureza e estrutura.

Artigo 14.- Natureza.

A xunta de Médicos do Mundo - Galicia é o órgano que xestiona e representa os intereses da asociación de acordo coas disposicións e directrices da asemblea xeral. Ten capacidade para organizar o seu funcionamento interno.

Artigo 15.- Estrutura.

1.- A xunta autonómica de Médicos do Mundo – Galicia estará composta por 7 persoas. Este número poderá ser inferior respectando sempre un mínimo de 4 membros no caso de que non se chegue a 7 candidaturas presentadas e serán elixidas por votación das persoas asociadas, con dereito a voto, na asemblea de Médicos do Mundo – Galicia, mediante sufraxio universal, libre, directo e secreto.

2.- As persoas que integran cada xunta de Médicos do Mundo - Galicia, por votación efectuada no seo do propio órgano, elixirán de entre elas:

- a Presidencia,
- a Secretaría;

- a Tesouraría; e
- as vocalías que estimen precisas.

3.- En caso de ausencia ou enfermidade dalgún cargo da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia, a súa función poderá ser suplida provisionalmente por outro dos compoñentes desta, previa designación por maioría dos seus membros.

Art. 16.- Alteracións na composición da xunta autonómica.

1.- O número de membros da xunta autonómica poderá aumentar dentro dos límites que establece o Artigo anterior mediante o procedemento electoral detallado nos Artigos 27 e seguintes, tras decisión votada por unanimidade na propia xunta directiva.

2.- No caso de cesamento no seu cargo de membros da xunta autonómica que provoque que o número dos seus membros sexa inferior ao mínimo sinalado no Artigo anterior, esta deberá convocar, no prazo máximo de tres meses desde o coñecemento do cesamento, eleccións para a cobertura dos postos precisos para chegar ao número mínimo, debendo fomentarse, mentres tanto, o traballo en formato de xunta ampliada.

3.- As persoas incorporadas á xunta directiva autonómica ben en virtude dunha ampliación da mesma exercerán o cargo só até o seguinte proceso electoral.

Artigo 17.- Cesamento.

Os compoñentes da xunta de Médicos do Mundo - Galicia cesarán:

- a) Por transcurso do período do seu mandato.
- b) Por renuncia expresa.
- c) Por acordo da asemblea xeral.
- d) Polos incumprimentos de obrigacións que impliquen esta consecuencia conforme aos Estatutos ou a este Regulamento. Este cesamento deberá ser aprobado por maioría absoluta dos membros da xunta directiva e contra este acordo o afectado poderá recorrer ante a asemblea xeral autonómica solicitando que se pronuncie ratificando ou revogando a decisión.

Sección 2.ª. Status dos membros da xunta autonómica.

Artigo 18.- Requisitos.

Para ser membro da xunta de Médicos do Mundo - Galicia serán requisitos indispensables ser persoa asociada, maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso en motivos de incompatibilidade legal ou estatutariamente establecidos.

Artigo 19.- Incompatibilidades.

Son motivos de incompatibilidade:

- Formar parte de órganos de representación política ou concorrer a procesos electorais de representación política durante a permanencia na xunta autonómica.
- Manter unha vinculación económica coa asociación ou com outras asociacións destinadas ao mesmo fin, percibindo da mesma retribucións económicas de natureza laboral, profesional ou mercantil, salvo no suposto de traballo remunerado como cooperante.
- Ostentar cargos remunerados, ou de representación en órganos directivos, noutras organizacións non gobernamentais de natureza e fins similares aos de Médicos do Mundo.
- Ser condenado por sentenza firme que leve aparellada a inhabilitación para cargos públicos, sen obter rehabilitación posterior.

Art. 20.- Limitacións de mandatos.

Quen forman parte da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia terán un mandato de actuación de tres anos, podendo ser reelixidos. Non poderán exercer consecutivamente o mesmo cargo por máis de 6 anos ou 3 mandatos consecutivos, sen perxuízo do establecido no apartado 5 do artigo 27.

Art. 21.- Gratuidade.

As persoas integrantes da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia non percibirán remuneración polo desempeño do seu cargo.

Será incompatible a vinculación laboral ou a percepción de honorarios profesionais, mercantís ou laborais de Médicos do Mundo co exercicio de responsabilidades na xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia, salvo no suposto de traballo remunerado como cooperante.

Artigo 21.- Responsabilidade.

As persoas que integran a xunta de Médicos do Mundo - Galicia teñen responsabilidade polas súas actuacións e omisións, conforme ao establecido no Artigo 15 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, que regula o Dereito de Asociación.

Sección 3.ª. Funcionamento e facultades.

Artigo 22.- Obrigatoriedade das reunións da xunta autonómica.

A xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia reunirse polo menos 8 veces ao ano e a asistencia dos seus membros ás sesións será obrigatoria. A falta sen causa xustificada a máis de 2 sesións ao longo dun ano estimarase como renuncia ao cargo.

Artigo 23.- Convocatoria das reunións da xunta autonómica.

1.- A Secretaría autonómica encargarse de efectuar as convocatorias para as reunións da xunta autonómica, previo mandato da Presidencia ou a petición de polo menos tres membros da mesma.

2.- A convocatoria remitirase con, polo menos, sete días de antelación, por calquera

medio de comunicación que permita a constancia da súa correcta realización e nela farase constar a orde do día proposto por quen a ordene ou solicite.

3.- Non obstante o anterior, a Presidencia terá facultade para convocar a xunta directiva cando as circunstancias así o esixan, en calquera momento e con carácter de urxencia, cunha antelación mínima de 48 horas.

4.- As reunións poderán celebrarse en modo presencial ou por medios telemáticos.

Artigo 24.- Quórum de constitución e de adopción de acordos.

1.- Para que poidan adoptarse validamente acordos será requisito indispensable que concorra a metade máis unha das persoas que integran a xunta autonómica de Médicos do Mundo- Galicia.

2.- Para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate na votación, decidirá con voto de calidade a Presidencia, ou quen faga as súas veces.

Artigo 25.- Competencias específicas da xunta autonómica.

Son materias especificamente propias da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia, as seguintes:

- ✦ a) Posicións ideolóxicas e de valores, que deberán ser referendadas polo Pleno da asociación, conforme ao procedemento establecido.
- ✦ b) Planificación e seguimento das estratexias e accións de Inclusión Social.
- ✦ c) Planificación e seguimento das estratexias e accións específicas de sensibilización e denuncia.
- ✦ d) Planificación e seguimento das estratexias e plans de traballo en voluntariado e políticas de participación e intervención social.

Artigo 26.- Facultades da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia.

As facultades da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia alcanzan, excepto excepción estatutaria, a todos os actos propios das finalidades da asociación no ámbito xeográfico da sede autonómica. A título enunciativo, enuméranse as seguintes:

- ✦ a) Xestionar e representar os intereses da sede autonómica conforme ás directrices determinadas pola asemblea xeral autonómica.
- ✦ b) Velar, en especial, pola correcta aplicación dos fondos da sede autonómica, respondendo deles con arranxo á legalidade vixente.
- ✦ c) Propor o establecemento e disolución de representacións no ámbito territorial.
- ✦ d) Elixir a Presidencia
- ✦ e) Nomear os distintos cargos da Xunta de Médicos do Mundo - Galicia
- ✦ f) Convidar as reunións da Xunta directiva a aquelas persoas que se considere oportuno
- ✦ g) Planificar, impulsar e dirixir as actividades sociais e a xestión administrativa da sede autonómica
- ✦ h) Executar os acordos da Asemblea de Médicos do Mundo - Galicia
- ✦ i) Elaborar ou modificar o Regulamento, que será aprobado pola Asemblea de Médicos do Mundo - Galicia e ratificado polo Pleno da asociación
- ✦ k) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea de Médicos do Mundo - Galicia ou dos órganos directivos da asociación

Sección 4.ª. Procedemento electoral.

Artigo 27.- Convocatoria de eleccións.

1º.- A convocatoria das eleccións das persoas integrantes da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia, coa debida publicidade e cunha antelación mínima de dous meses á súa celebración, corresponderá á xunta directiva da sede autonómica.

Previamente, a xunta autonómica comunicará á xunta estatal, cunha antelación mínima de 15 días a facer pública a convocatoria electoral, a súa intención de convocar o proceso.

2º.- A xunta de Médicos do Mundo - Galicia deberá convocar obrigatoriamente eleccións

ao termo do seu mandato de tres anos.

3º.- O anuncio de convocatoria determinará a entrada en funcións da Representación Electoral, encargada de controlar e levar a termo todo o proceso electoral, velando polo mantemento dun proceso limpo, democrático, baseado nos principios de igualdade de trato, corrección e decoro, así como polo cumprimento das normas electorais vixentes en cada momento.

A partir do momento de constitución da representación electoral, a xunta directiva comezará a desempeñar a súa actividade en funcións.

4º.- Salvo establecemento de norma electoral propia, que, en todo caso respectará o marco establecido polos Estatutos da asociación e o Regulamento electoral, o proceso electoral autonómico rexerese polo establecido con carácter xeral nestas normas.

5º.- No caso de que non se presenten candidaturas suficientes para chegar ao número mínimo de membros que deben integrar a Xunta Directiva, a Representación Electoral abrirá un prazo extraordinario de presentación de candidaturas no que non serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 20 do presente Regulamento.

Artigo 28.- Representación electoral.

A Representación Electoral estará constituída por tres persoas asociadas designadas por consenso no seo da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia en funcións ou, no seu caso, por maioría absoluta das persoas integrantes.

Ningunha das persoas integrantes da Representación Electoral poderá presentar a súa candidatura para a xunta de Médicos do Mundo - Galicia. Non poderán pertencer á xunta de Médicos do Mundo - Galicia en funcións nin estarán incurso en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria.

O nomeamento das persoas integrantes da Representación Electoral permanecerá vixente até a finalización do proceso electoral convocado, unha vez resoltas as impugnacións presentadas, e no seu caso, ofrecidos os resultados provisionais.

CAPÍTULO III OUTROS ÓRGANOS

Artigo 29.- A Presidencia.

A presidencia autonómica debe ser ratificada na primeira asemblea xeral ordinaria de Médicos do Mundo España, posterior á súa designación no ámbito autonómico.

De acordo co Artigo 41 dos Estatutos de Médicos do Mundo:

- A persoa que exerza a Presidencia da sede autonómica non poderá, mentres permaneza no seu cargo, concorrer a eleccións para a comisión permanente da xunta directiva.

- Os/as presidentes/as das sedes autonómicas velarán polo control finalista dos fondos da súa correspondente sede autonómica

A Presidencia terá as seguintes atribucións:

- ✦ a) Representar legalmente á sede autonómica ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- ✦ b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebren a asemblea e a xunta de Médicos do Mundo - Galicia.
- ✦ c) Dirixir as deliberacións da asemblea e da xunta de Médicos do Mundo - Galicia.
- ✦ d) Ordenar cobros e pagos, así como autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.
- ✦ e) Remitir a documentación de control e seguimento administrativo aos órganos de xestión da sede central conforme ás normas ou prácticas establecidas

- ✦ f) Render contas da súa xestión polo menos unha vez ao ano ante a xunta directiva da asociación, e en calquera caso, sempre que sexa requirido para iso pola propia xunta directiva ou a asemblea xeral.
- ✦ g) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da sede autonómica aconselle, resulte necesaria ou conveniente para o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta directiva.
- ✦ h) Asumir as funcións delegadas pola Xunta directiva de Médicos do Mundo para a nacionalidade histórica.
- ✦ i) Coñecer, coordinar e impulsar as actividades de Médicos do Mundo na nacionalidade histórica.
- ✦ k) Visar as actas das sesións e impulsar a execución dos acordos.

Artigo 30.- A Secretaría.

A Secretaría terá ao seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da sede autonómica, expedirá certificacións, levará os ficheiros e custodiará a documentación da entidade, remitindo as comunicacións que sexan preceptivas á Administración, cos requisitos pertinentes.

Artigo 31.- A Tesouraría.

A persoa que ostente a Tesouraría tutelará os fondos pertencentes á sede autonómica.

Así mesmo, disporá o necesario para que a contabilidade da asociación leve con arranxo ao disposto polas normas establecidas pola organización, así como ás normas legais e estatutarias vixentes. No caso de non designarse unha tesouraría, estas funcións deberán ser asumidas pola Presidencia.

Artigo 32.- As vogalías

As Vogalías terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da xunta autonómica de Médicos do Mundo - Galicia, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia xunta lles encomende.

Artigo 33.- A Coordinación de sede autonómica

Médicos do Mundo - Galicia, de contar na súa estrutura cunha coordinación de sede, revestirá as seguintes características:

- ⤴ Realizará funcións de xestión e apoio administrativo.
- ⤴ Deberá compartir os principios da organización e coñecer os fundamentos do seu funcionamento interno.
- ⤴ A súa función é incompatible co exercicio de responsabilidades políticas na asociación.
- ⤴ A dependencia xerárquica da Coordinación de Sede, en todos os aspectos que afecten á administración da propia sede autonómica así como na función de xestión e de apoio á dirección da sede autonómica, será da Presidencia da Sede Autonómica.
- ⤴ A dependencia xerárquica da Coordinación de Sede, en todo o que afecte á xestión operativa do conxunto das SSAA e dos proxectos que dela dependan, será da Coordinación Xeral de Médicos do Mundo.

Artigo 34.- Persoal contratado

Médicos do Mundo - Galicia poderá, ademais, dispor dun persoal co persoal técnico necesario para a xestión das actividades de estrutura e misión de Médicos do Mundo, conforme aos procedementos establecidos pola organización.

Artigo 35.- As representacións

Médicos do Mundo - Galicia pode propor o establecemento e a disolución de representacións no seu ámbito territorial, así como a designación do seu representante,

correspondendo ao Pleno da xunta directiva da asociación a aprobación de tales extremos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O idioma preferente e recomendable para as comunicacións externas e oficiais de Médicos do Mundo - Galicia será o galego.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Médicos do Mundo - Galicia utilizará unha linguaxe respectuosa co xénero en todas as comunicacións e documentos que emita.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Ou presente Regulamento non será aplicable ata a celebración das primeiras eleccións trala súa aprobación non que se refire ás seguintes cuestións relativas á xunta directiva autonómica:

- ✦ a duración do seu mandato.
- ✦ o número mínimo de membros que deben conformala.
- ✦ O límite máximo de anos consecutivos que alguén pode formar parte dela.